

ACTIVIDADES EN 2004

PRESENTACIÓNS

“Gravacións históricas de zanfona”, O 23 de abril fíxose a presentación do disco “Gravacións históricas de zanfona”, de Faustino Santalices.

Coa participación de Faustino Santalices (fillo), Fernán Luaces (editor, director de Boa Musica), Antón Seoane (Compoñente do grupo Milladoiro e biógrafo de Faustino Santalices) e Antonio Mouriño (Alcalde de Celanova e presidente da Fundación C.E.). Con motivo da presentación do disco de Música para Gaita e Zanfona de Faustino Santalices (reedición das gravacións de 1927 E 1949, máis dúas pezas inéditas), o fillo de Faustino Santalices tocou algunhas pezas do disco cunha das zanfonas de seu pai.

Poesía galega completa de Celso Emilio Ferreiro (edición de Ramón Nicolás), na colección Xerais Clásicos.

Viaxe ao país dos ananos de Celso Emilio Ferreiro (edición de Armando Requeixo), na colección Biblioteca das Letras Galegas.

Presentación de dous novos libros de Edicións Xerais sobre o escritor celanovés na que participaron: Manuel Bragado (director de Edicións Xerais), Luís Ferreiro (fillo de Celso Emilio), Ramón Nicolás e Armando Requeixo (autores das publicacións). Trátase dos seguintes volumes:

Actas do I Congreso sobre Curros Enríquez e o seu tempo o 14 de setembro.

CONCURSO

“Celso Emilio Ferreiro” (Celso Emilio Ferreiro en Celanova)

O 30 de abril celebrouse un acto literario arredor da figura do poeta celanovés Celso Emilio Ferreiro, con motivo da conmemoración do vintecinco cabodano do seu pasamento.

As actividades foron organizadas pola Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (a través do Programa de Dinamización Sociolingüística das Comarcas de Galicia), a Dirección Xeral de Política Lingüística, o Concello de Celanova e a Fundación Comarcal de Terra de Celanova.

Na exposición de murais do “Concurso escolar Celso Emilio Ferreiro en 25 caras” participaron os centros da comarca: CEIP Curros Enríquez de Celanova, CEIP Roxelio García Yáñez de Ramirás, CEIP San Marcos de Cartelle, CPR Sagrado Corazón de Celanova. A exposición permaneceu na *Casa dos poetas* ata o 15 de maio e celebrouse tamén unha entrega de premios.

EXPOSICIÓNS

5 de abril: Exposición Rosalía e Cabanillas a través do viño

31 de agosto: Exposición de poemas de Celso Emilio na rúa. “Celso Emilio - 25 anos na memoria”

OUTRAS ACTIVIDADES:

24 de xaneiro: Establecemento de contactos coas Rotas dos Escritores de Portugal
Organización das Xornadas das Casas Museo no Consello da Cultura

30 de xaneiro: Xestións no Museo do Exército para a reprodución de dúas cartas de
Curros

26 de febreiro: Xestións no Archivo de la Guerra Civil para conseguir documentación
sobre a Masonería en Ourense

30 de abril: Proxección do vídeo de TVE “Celso Emilio Ferreiro ensina Celanova e
Vilanova”.

1 de maio: Ruta Currosiana

8 de maio: Coral Microcosmos

5 de xuño: Presentación do disco Banda de Música

15 de xullo: Curso de guión, dentro do Curso de Verán da Universidade de Vigo
“O cine e a literatura”

5 de setembro: Recepción de obras doadas para a Casa dos Poetas por: Baldomero
Moreiras, Xulio Fuentes, Pérez Porto e Francisco Pena.

1 de outubro: Participación no Encontro de Casas Museo e Fundacións de Escritores

12 de outubro: Colaboración coa Consellería de Emigración para a organización da
exposición “Celso Emilio. 25 anos na memoria” na Hermandad Gallega de Caracas